

# PREVENCIÓN = SAÚDE



Boletín para nais e pais

A prevención na casa

a mellor axuda

Boletín da Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte  
Equipo de Prevención

# MEDICAMENTOS E CONDUCCIÓN

## Información e recomendacións



Como pais queremos protexer aos nosos fillos de todo aquilo que poida danalos, pero hai veces que podemos poñelos en perigo inconscientemente como podería ser no momento de tomar determinados medicamentos e conducir un vehículo.

Se ademais tomamos alcol, a cousa complicase, aínda en pequenas cantidades o alcol pode provocar problemas que poderían volverse moi serios se a súa inxesta coincide coa de certos tratamentos farmacolóxicos.

Por iso neste Boletín queremos informarnos sobre o que hai que saber para evitar as complicacións.

# Como poden afectar os medicamentos á capacidade para conducir?

Algúns medicamentos, incluso os que non precisan receita médica, poden diminuír a súa capacidade para conducir de forma segura. Debe prestar atención aos seguintes efectos adversos dos medicamentos que estea a utilizar:

- Somnolencia.
- Dificultade de concentración ou para permanecer alerta.
- Visión dobre ou borrosa.
- Sensación de vertixe.
- Diminución de reflexos: lentitude de reacción.
- Falta de coordinación, sensación de inestabilidade
- Desmaios, mareos.

## Que medicamentos poden afectar á capacidade para conducir?

Entre os medicamentos que poden diminuír a capacidade para conducir cabe destacar os que se utilizan para tratar os trastornos do sono, a ansiedade, a psicose, a depresión, a epilepsia, o párkinson, a dor, a hemicrania, a demencia, as alerxias, as afeccións oculares, a gripe e o catarro.

Pida sempre consello ao seu médico ou farmacéutico ou outros profesionais sanitarios se está a utilizar ou vai utilizar algún destes medicamentos.

Sempre que comece a tomar un novo medicamento, aínda que sexa sen receita, incluídos os medicamentos ou outros produtos a base de plantas medicinais, pregunte ao profesional sanitario sobre os riscos de conducir mentres dure o seu tratamento e consulte o prospecto.



## ¿Qué medicamento toma?

## Así le puede afectar

Trastornos del sueño (hipnóticos)		somnolencia, disminución de la atención y disminución de la capacidad de reacción
Ansiedad (ansiolíticos)		somnolencia, disminución de la atención y disminución de la capacidad de reacción
Depresión (antidepresivos)		nerviosismo, ansiedad, somnolencia, alteración de la coordinación, visión borrosa
Gripe y catarro (antigripales y anticatarrales)		somnolencia
Dolor (analgésicos)		somnolencia, disminución de la capacidad de concentración y de reacción, mareo
Alergias (antialérgicos)		somnolencia, visión borrosa (colirios)
Migrañas (antimigrañosos)		somnolencia, mareos, debilidad
Afecciones oculares		visión borrosa
Psicosis (antipsicóticos)		somnolencia, mareo, agitación, cansancio
Epilepsia (antiepilépticos)		somnolencia, mareos, visión borrosa, fatiga, sensación de debilidad
Párkinson (antiparkinsonianos)		somnolencia, episodios repentinos de sueño, espasmos, visión borrosa, confusión
Fármacos usados para la diabetes		hipoglucemia
Antihistamínicos		somnolencia, capacidad de reacción reducida.

# Como podemos identificar estos medicamentos?

Nos seus envases aparece o pictograma da conducción.

Busque na cartonaxe dos medicamentos que estea a tomar se aparece o seguinte símbolo de advertencia:



Conducción: ver prospecto

Este pictograma **NON prohíbe** a conducción, senón que **LLE ADVIRTE** que é recomendable ler no prospecto onde están descritos todos os efectos adversos.

No prospecto: busque na sección 2, a apartado "Conducción e uso de máquinas", onde se indican as precaucións que se deben tomar en relación cos efectos adversos que poidan afectarlle, e léao con atención.



# Cando prestar especial atención?

- Ao comezo do tratamento ou ante un cambio na dose.
- Cando se toman varios medicamentos á vez: canto maior sexa o número de medicamentos que se consuman á vez, maior é a probabilidade de experimentar efectos adversos e/ou interaccións.
- Se se consome alcol: débese evitar o consumo de alcol mentres se toman medicamentos.
- Se está canso.
- Se é vostede unha persoa maior.



# Que facer?

- Siga as instrucións de administración do medicamento que lle indicou o profesional sanitario. Non deixe de tomar a medicación pola súa conta e, se ten calquera dúbida, consulte de novo.
- Teña en conta como afecta o medicamento á súa capacidade para conducir sente somnolencia, debilidade, visión borrosa? Se é así non deixe de usar o medicamento pero non conduza.
- Segundo o tipo de medicación que estea a tomar, evite conducir os primeiros días do tratamento ou cando lle modifiquen a dose.
- Evite tomar alcol cando estea a tomar medicamentos (e sempre evite conducir despois de consumir alcol).
- Tome a medicación á dose e horario que lle indicara o profesional sanitario.
- Non se automedique.
- Se ten que conducir de forma habitual, indíqueo sempre para que o profesional poida valorar a posibilidade de atopar o medicamento que menos inflúa sobre a súa capacidade para conducir.
- Todas estas recomendacións son especialmente importantes se vostede é condutor profesional.

# INTERACCIONES MEDICAMENTOS Y ALCOHOL

## POTENCIA

el efecto del fármaco

### • BENZODIAZEPINAS •

Bromazepam,  
Lorazepam, Diazepam...

### • METFORMINA •

Medicamento usado en el  
tratamiento de la Diabetes

### • NITROGLICERINA •

Usados para disminuir el  
trabajo del corazón y mejorar  
el flujo sanguíneo hacia el  
miocardio

## DISMINUYE

el efecto del fármaco

### • ANTIBIÓTICOS •

#### QUINOLONAS

Ciprofloxacino,  
Norfloxacino...

#### MACROLIDOS

azitromicina,  
eritromicina...

### • WARFARINA •

Medicamento usado como  
anticoagulante

## POTENCIA

la toxicidad del fármaco

### • PARACETAMOL •

### • ÁCIDO ACETILSALICILICO •

La famosa Aspirina...

### • ANTIHISTAMINICOS •

Medicamentos usados para  
las alergias

### • CODEÍNA Y SUS DERIVADOS •

usados en asociación con  
analgésicos o solos como  
antitusivos

WWW.MEDICADOO.ES

# Medicamentos e alcol... non deberías combinalos.

Facebook: Unidad Asistencial de Drogodependencias Monforte de Lemos

SUXERENCIAS E COMENTARIOS:

[uad@concellodemonforte.com](mailto:uad@concellodemonforte.com)

Si queredes poñervos en contacto con nós, estamos en:  
UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS  
SERVIZO DE PREVENCIÓN  
C/ Otero Pedrayo s/n  
27400—Monforte de Lemos (Lugo)



982 40 04 95



604 05 97 19



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Innovación e Xestión  
da Saúde Pública  
Servizo de Prevención de Condutas Adictivas



Boletín de formación e información para nais e pais — MARZO 2018

